

Follas do Cineclub | 27/01/2016

Traballo eventual dunha escrava
(Gelegenheitsarbeit einer Sklavin, Alexander Kluge,
RFA, 1973, 91 minutos, VOSG)

03

JOHN FLAUS

Orixinalmente publicado na revista CTEQ Annotations on Film número. 4, 1996, pp. 6-7.

«De entre os escritores coñecidos en Alemaña, Kluge é o menos coñecido», Hans Magnus Enzensberger. O mesmo podería dicirse de Kluge o cineasta, quen é tan sofisticado no ámbito teórico e tan radical no artístico como o seu contemporáneo francés, Godard. O mesmo Alexander Kluge tamén é analista político, historiador cultural, profesor de dereito e tradutor de Winnie the Pooh ao Latín!

Contra o comezo de *Traballo eventual dunha escrava* (Gelegenheitsarbeit einer Sklavin, 1973) dísenos: «Este filme retrata seis meses na vida da familia Bronski». A familia consiste en Roswitha, de 29 anos, o seu marido Franz, e os seus tres fillos. Interpretando as pistas que se atopan no seu apartamento escasamente decorado, inferimos que non teñen moito excedente de cartos. Franz non cobra ben como investigador dunha química; ademais de todo o traballo doméstico, Roswitha practica abortos noutro barrio, coa axuda da súa amiga Sylvia. Non atopamos paixón na vida de Roswitha con Franz, só familiaridade. Consideracións sobre esa palabra; é sobre o que trata o filme: familia/familiaridade - e, por tanto, política.

«Sempre é o elemento reprimido pola sociedade o que ten que ser descrito. O elemento dominante descríbese a si mesmo»¹

Roswitha sae fortemente favorecida neste retrato de familia; ela é a única cuxo rol político é activo. Cando o azar e as circunstancias a forzan fóra da práctica de abortos, Roswitha determina «preocuparse» por asuntos fóra do seno familiar: o medio ambiente, a seguridade industrial, a saúde dos traballadores. Intenta aumentar a súa conciencia dos feitos a través dos libros, pero é unha lectora lenta. Impaciente coa linguaxe analítica, decide plasmar a franqueza da esfera privada nas súas relacións coa esfera pública. A súa enerxía transfórmase ás veces en accións comicamente inapropiadas. [...]

Unha audiencia perplexa, frustrada pola falla da habitual «lóxica dramática», pode facerse eco das verbas finais do filme: «Este traballo debe ter algún significado. Pero cal?». Outra audiencia levantarase dos asentos excitada. Provocáronse sen consentilos en exceso impulsos heroicos e utópicos, contrarrestados por unha crítica de ditos impulsos. Tantos problemas foron expostos pero non resoltos, tanto pensamento quedou por facer - incluso agora, máis de 20 anos despois da realización do filme.

«Os filmes de Hollywood intentan persuadir á audiencia de que deixe de lado a súa propia experiencia e siga a máis organizada do filme»

Traballo eventual dunha escrava non «conta a historia de...», dado que a o método de Kluge oponse a unha narrativa cinematográfica clásica, a cal utiliza bloques de ladrillos psicolóxicos e unha causalidade de eventos entretecida para atraer a atención da audiencia cara a ilusión dramática. A narrativa clásica persuade ao espectador da súa racionalidade co motivo de conter as cuestións que se levantan dentro desa ilusión. *Traballo eventual dunha escrava* ten unha narrativa, non é unha narrativa. Non hai unha deliciosa anticipación do que-vai-pasar, nin a oportunidade de descargar fantasías de desexo e terror nas personaxes da pantalla. Tal e como Kluge o ve, «contar a historia de...» (con que facilidade a expresión se lle suxire a si mesma ao crítico!) é dexenerar nos hábitos predixeridos do entretemento corporativo - a «industria consciente», que separa a imaxinación do espectador dos seus intereses centrais, os sentimentos profundos da acción social.

Temáticamente, *Traballo Eventual dunha escrava* é comparable a *Insectos do Xapón* (Nippon konchūki, 1963) de Shoei Imamura, na cal unha muller sen independencia económica de seu trata tenazmente de alcanzar a súa Natureza no canto do seu Rol, e polo tanto é vista como moralmente indesexábel. De todos modos, o estilo de Imamura é indixestamente realista, mentres que o de Kluge é dinamicamente vangardista (rexeita a etiqueta «posmoderno»). O estilo en si mesmo convértese na ferramenta da consciencia.

«Un enigma na arte non é un enigma. É unha realidade oculta»

A loita de Roswitha por probar a súa forza produtiva na esfera pública rexístrase nunha sucesión de episodios interrompidos por pasaxes doutros filmes, fotografías de novas, ilustracións de libros, citas aforísticas e contos para nenos, mentres todo é acompañado por unha voz en off serenamente benigna (que para algúns pode soar condescendente) e fragmentos de música, tanto clásica como popular. O resultado é un texto filmico abrasivo pero densamente tecido, intermitentemente gracioso, irónico, sorprendente². Nestas digresións aparentes reside o máis substancial do filme, xa que interveñen na narrativa e a interrogan. Non parafrasean nin clarifican, non converxen, centripetamente, na diéxese mais ramifícanse, centrifugamente, alén da diéxese. Sitúan a historia no mundo - o reverso dunha narración clásica que sitúa o mundo na historia.

O mesmo método de traballo de Kluge préstase á colaboración creativa: coescribiu e codirixiu *No perigo e na maior desgraza o camiño do medio trae a morte* (In Gefahr und größter Not bringt der Mittelweg den Tod, 1974) con Edgar Reitz, o cal considero que é o mellor filme alemán que teño visto. Recoñeceu a crucial contribución de Beate Mainka-Jellinghaus, quen editou case todas as súas longametraxes, e cedeu ante os desexos da súa irmá Alexandra, que interpreta a Roswitha, á hora de escribir a segunda metade de *Traballo eventual dunha escrava*.

«O auténtico medio de comunicación de masas é a propia xente, non derivados como o cinema e a televisión.»

O TRATAMENTO ABSTRACTO DA DIFERENCIA FEMININA

John Flaus / Heide Schlüpmann

A estratexia artística de Kluge perturba a homoxeneidade da narrativa clásica, o feito da ilusión dramática que clausura o pensamento capaz de explorar o mundo extra-diexético (Hitchcock é o exemplo que ten citado). Isto tamén o pon en desacordo coa distractora virtuosidade do cinema de arte e ensaio, a certeza autoritaria do cinema soviético (hai referencias irónicas a Eisenstein nalgúns dos seus filmes) e a postura honesta do realismo con «mensaxe», como nos filmes de Helke Sander que atacou *Traballo eventual dunha escrava* porque non tiña en consideración o feminismo organizado.

«A sociedade é un texto que intentamos ler»

Cando vemos un filme de Kluge temos dous textos que ler: o filme e a sociedade. A función do seu cinema é a de provocar máis que a de iluminar. A función do espectador é a de reaccionar de xeito produtivo no canto de consumir con satisfacción. O filme complétese na mente do espectador, non na pantalla. Pero as elipses e a provocación predispoñen o filme a unha interpretación hostil: Heide Schlüpmann non está soa na súa opinión de que «Kluge avoga por un comportamento político que, en *Traballo eventual dunha escrava*, reivindica como esencialmente feminino, pero que se orixina máis no desexo masculino pola muller que no propio desexo feminino».

No meu intento de facer unha sinopse de *Traballo eventual dunha escrava* describin as accións de Roswitha na esfera pública como «comicamente inapropiadas». Ese era un intento meu de provocación. O que tiña en mente era o comentario de Kluge: «Un non pode facer visible a forza produtiva da muller mentres sigan a ser reprimidas sen formar parte das consecuencias do cómico, da «tolema» e do atraso». O transcurso dun filme de Kluge é unha viaxe dura pero xubilosa. O principio recorrente dos seus filmes é o *hunger nach sinn*, a ansia de coñecemento, ou como o expresou Godard, *le gai savoir*, a alegría da aprendizaxe.

HEIDE SCHLÜPMANN

Originalmente publicado en Tara Forrest (Ed.), *Alexander Kluge. Raw materials for the imagination*, Amsterdam University Press, 2012, pp. 72-73.

«O verdadeiro problema non é polo tanto o asunto da lexitimación, que será permitido para aceptar a problemática da muller. Ou é que existe algún tipo de dereito á propiedade privada relacionado con este tema en certos grupos porque eles mesmos están loitando, porque deben sufrir a opresión nos seus propios corpos? O problema é, máis ben, ata que punto a experiencia da opresión pode ser entendida por todos aqueles que non están oprimidos do mesmo xeito. A capacidade é o que está sendo cuestionado, non a autorización»

Alexander Kluge formulou esta declaración a comezos dos anos 70 cando amosou o seu desacordo coas protestas que levaron a cabo as integrantes de movementos feministas contra o seu filme *Traballo eventual dunha escrava*. Para determinar o significado da «forza pro-

ductiva da muller», o filme intentaba retratar unha «feminidade» que estaba oprimida pero que, pouco compracente con dita opresión, a resistía. A dúbida que xurdiu no curso desas discusións sobre se o intento lograra o seu obxectivo (de feito, se podería chegar a facelo) aínda existe a día de hoxe. Ao mesmo tempo debemos admitir que o debate orixinal non estaba exento de matices moralistas. As mulleres que estiveran traballando duro pola revogación do Parágrafo 2183 e que se enfrontaban a diario cos problemas de control de natalidade e abortos ilegais comprensiblemente amosaban pouca empatía coa documentación fílmica dun aborto que non apoiaba a súa loita. Marlis Kallweit escribiu:

«Aquí vemos, outra vez, como Kluge pretende aliñarse coas mulleres mentres que a un tempo volve triviais os seus problemas máis importantes. E aínda vai máis lonxe: o aborto descríbese como criminal sen que Kluge sequera cuestione a dita descrición. Ao final da escena do aborto amosa o pequeno embrión branco repousando con remorso no lixo. A través deste método de representación, dálle unha puñalada nas costas a aquelas mulleres que loitan pola revogación do Parágrafo 218»

De feito, tal e como Ruby Rich concluíu máis tarde, a produción de *Traballo eventual dunha escrava* ignoraba a esfera pública dos movementos feministas. Mentres que o filme trataba das aptitudes oprimidas da muller, pasaba por alto os seus esforzos para converterse en suxeitos na esfera pública política. Non é raro que Helke Sander, que fundara a revista de cinema feminista *Frauen und Film*, só vise evidencias de desprezo polo seu propio traballo político no filme de Kluge e reaccionase cunha rabia lapidaria. «A mensaxe do filme», escribiu, «é que os esforzos das mulleres non levarán a nada». As declaracións de Kluge sobre o conflito, por outra banda, teñen un halo abondo patriarcal como para suxerir que aquelas que protestaban no seu momento algo de razón tiñan.

Por outra banda, Kluge tomou o traballo de, despois do feito, establecer contactos cos movementos feministas, cos que antes non tiña relación. Ante unha pregunta de Ulrich Gregor nunha entrevista de 1976, «Que ten que dicir con respecto ás reaccións negativas da revista *Frauen und Film* ante este filme?» respondeu:

«Tómome moi en serio estas críticas e enfronteime a elas coidadosamente. Incluso se puidese desmontar de xeito individual cada un dos argumentos esgrimidos, debería preguntarme, cal é o impeto que hai tras estas críticas, de onde proveñen as enerxías das protestas contra o filme? E basicamente escribín o libro *Traballo Eventual dunha escrava: O método realista* como resposta a todo».

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.blogaliza.org [facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela) [@cineclubedecompostela@gmail.com](mailto:cineclubedecompostela@gmail.com)

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

13 DE XANEIRO

Fíos fóra (Illa Bufarda-Amarante Setem, Galiza, 2015, 90 minutos, VOG) Proxección coorganizada coa Gentalha do Pichel, Illa Bufarda e Amarante Setem. **Coa presenza das directoras do filme e da investigadora Marta Negro.**

20 DE XANEIRO

As limpadoras nocturnas (Nightcleaners, Berwick Street Film Collective, Reino Unido, 1975, 90 minutos, VOSG)

27 DE XANEIRO

Traballo eventual dunha escrava (Gelegenheitsarbeit einer Sklavin, Alexander Kluge, RFA, 1973, 91 minutos, VOSG)